



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Módulo 2

Unidade didáctica 5

A democracia

1.	Programación da unidade	3
1.1	Encadramento da unidade no ámbito social	3
1.2	Descrición da unidade didáctica	3
1.3	Contidos de aprendizaxe	4
1.4	Actividades e temporalización.....	4
1.5	Recursos materiais	5
1.6	Avaliación	6
2.	Desenvolvemento.....	7
2.1	O Estado.....	7
2.1.1	Características que definen un Estado	7
2.1.2	As funcións do Estado.....	7
2.1.3	Diferenzas entre Estado e nación	8
2.1.4	A organización interna do Estado	8
2.1.5	A Administración do Estado	11
2.2	A democracia.....	17
2.2.1	As ideas clave da democracia.....	18
2.2.2	As institucións democráticas	20
2.2.3	Diferenzas entre os estados democráticos e os non democráticos	21
2.2.4	Os estados liberais e os estados sociais	26
2.2.5	Un xeito de participación democrática: a electoral	26
2.2.6	A responsabilidade cidadá: os impostos e os servizos públicos	27
2.3	A democracia na actualidade	36
2.3.1	Dificultades para a implantación de réximes democráticos en América latina, África e Asia	36
2.3.2	Os retos da democracia	37
2.3.3	As relacións entre estados	37

1. Programación da unidade

1.1 Encadramento da unidade no ámbito social

Módulo 1	■ Bloque 1	– Unidade 1
		– Unidade 2
	■ Bloque 2	– Unidade 3
		– Unidade 4
Módulo 2	■ Bloque 1	– Unidade 5: A democracia
		– Unidade 6
	■ Bloque 2	– Unidade 7
		– Unidade 8
Módulo 3	■ Bloque 1	– Unidade 9
		– Unidade 10
	■ Bloque 2	– Unidade 11
		– Unidade 12
Módulo 4	■ Bloque 1	– Unidade 13
		– Unidade 14
	■ Bloque 2	– Unidade 15
		– Unidade 16

1.2 Descrición da unidade didáctica

Esta unidade didáctica terá unha duración de 12 horas lectivas, distribuídas ao longo de catro semanas.

A unidade organízase en tres partes: na primeira estudaremos o que é un Estado, a súa función e súas formas de organización (os laicos, os confesionais e as teocracias, as ditaduras e os democráticos). Na segunda, imos abordar as características dos sistemas democráticos e as funcións do Estado, incidíndomos nos valores en que se fundamenta a democracia, así como nos deberes e nos dereitos da cidadanía, e na importancia do diálogo e do respecto polas minorías. Finalmente, na terceira parte estudaremos as características dos estados actuais, localizándoos no mapa, e as organizacións supranacionais, incidindo nomeadamente na ONU e na súa estrutura interna.

É esencial que o alumnado chegue a unha comprensión dos contidos expostos. Como de seguro han aparecer dúbidas e puntos de vista diferentes, é importante buscar puntos de encontro a través do diálogo e do debate entre o alumnado sobre aspectos como as formas de organización dos estados, as formas de goberno e as características principais dun sistema democrático. Cómpre incidir no dominio do vocabulario, polo que é recomendable que os exercicios de avaliación consideren o manexo dos conceptos usados na unidade. Outro aspecto significativo da unidade é o estudo da xeografía política do mundo actual e o traballo sobre mapas.

1.3 Contidos de aprendizaxe

- Estados democráticos e ditaduras.
- Estados laicos e confesionais, e teocracias. Monarquías e repúblicas. Organización territorial do Estado: centralizado e descentralizado.
- Estado democrático: principios e institucións dos réximes democráticos; soberanía, división de poderes, eleccións, partidos políticos, etc.
- Identificación da liberdade, a xustiza e a igualdade como valores fundamentais da democracia. Sistemas de dereitos e deberes como base da convivencia democrática.
- Sistemas de elección democrática.
- Funcións do Estado democrático: políticas liberais e socialdemócratas.
- Dificultades da implantación dos réximes democráticos en moitos países de América Latina, Asia e África. Condicionantes económicos e sociais.
- Diálogo e o consenso como actitudes e prácticas fundamentais nas sociedades democráticas e na vida cotiá. Normas e estratexias da toma de decisións en común.
- Valoración da actividade política como servizo á cidadanía: responsabilidade pública.
- Aprecio dos bens comúns e dos servizos públicos. Valoración dos impostos como contribución da cidadanía aos gastos e aos investimentos públicos.
- Respecto polos dereitos dos demais no espazo público. As vías públicas como ámbito dos dereitos e dos deberes de condutores, os pasaxeiros e os peóns.
- Valoración do diálogo e das normas que o fan posible como medio para a solución dos conflitos na vida cotiá: na familia, no centro de persoas adultas, no traballo, no lugar, etc.
- Respecto polas opinións defendidas polas outras persoas. Capacidade de pórse no lugar do outro para a comprensión das ideas alleas.
- Diálogo e o consenso como actitudes e prácticas fundamentais nas sociedades democráticas e na vida cotiá. Normas e estratexias da toma de decisións en común.
- Participación no centro educativo e en actividades sociais da comunidade como aprendizaxe dos deberes da cidadanía. Especial incidencia na mediación e acollida do alumnado inmigrante.

1.4 Actividades e temporalización

- Primeira semana: actividades 1 a 14.
- Segunda semana: actividades 15 a 25.
- Terceira semana: actividades 26 a 41.
- Cuarta semana: actividades 42 a 48.

1.5 Recursos materiais

Libros de texto

- Os libros da área social de segundo e terceiro da ESO, así como os libros de segundo da ESO de educación para a cidadanía, son moi útiles para o estudo deste tema. Poden ser útiles os das editoriais Vicens Vives, Anaya, Santillana, Consorcio editorial, etc.

Cartográficos

- Mapas murais de xeografía política do mundo (editorial Vicens Vives), globo terráqueo, mapas mudos de xeografía política para traballar na aula.

Páxinas de internet

- [<http://www.congreso.es>]: Congreso dos Deputados.
- [http://www.europa.eu/index_es.hm]: institucións europeas.
- [<http://www.la-moncloa.es/default.htm>]: Presidencia do Goberno de España.
- [<http://www.xunta.es>]: Xunta de Galicia.
- [<http://www.coe.int>]: Consello Europeo.
- [<http://www.un.org>]: Nacións Unidas.
- [<http://www.acnur.org>]: Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados.
- [<http://www.unicef.org>]: Axencia das Nacións Unidas para Protección da Infancia.
- [<http://www.proteccioncivil.org/>]: Dirección Xeral de Protección Civil.
- [<http://www.a-i.es>]: Amnistía Internacional.
- [<http://www.msf.es>]: Médicos Sen Fronteiras.
- [<http://www.hrw.org/spanish>]: Observatorio dos dereitos Humanos.
- [<http://www.intemonoxfam.org>]: Intemon Oxfam.
- [<http://www.es.ammesty.org/temas/menores/pagina/infancia-y-derechos-humanos>]: situación da infancia no mundo.
- [<http://www.menoressoldado.org/>]: ONG dedicada a loitar contra a utilización de nenos e nenas como soldados.
- [<http://www.unicef.org/spanish>]: UNICEF España.
- [<http://www.consumo-inc.es/guiacons/guia.htm>]: como defender os dereitos como persoa consumidora, e quen os defende.
- [<http://www.fegamp.es/cestat.htm>]: Estatuto Galego de Consumidores e Usuarios.
- [<http://www.galiciasolidaria.org/comercioxusto>]: comercio xusto.

Lecturas recomendadas

- Orwell, G. *Animal farm*. [*Rebelión en la granja*. Ed. Destino. Barcelona, 2003]. Este clásico expón de xeito maxistral en forma de fábula a facilidade con que o sistema político pode transformarse nunha ditadura.
- William Golding, *Lord of the Flies* [*El señor de las moscas*, Alianza Ed. Madrid, 2002]. É un clásico que narra a peripecia dun grupo de británicos durante a II Guerra Mundial que, procedentes dunha colonia asiática, sofren un accidente aéreo e estrélanse

nunha illas, e só se salva un grupo de nenos. O neno maior, Ralh, proponlle ao resto do grupo organizarse nunha asemblea para poder sobrevivir, e repartir as obrigas entre todos. A asemblea escollerá a Ralh como xefe do grupo. Todos teñen dereito a falar na asemblea: ese dereito é simbolizado por unha buguina, que entanto que está na man dun membro do grupo pode falar sen ser interrompido. Axiña o grupo empeza a ter problemas. Moitos nenos deciden deixar a un lado as súas obrigas e xogar. Un dos maiores, chamado Jack, máis forte, prefire a caza e a violencia.

- Miguel Rayó, *El camino del faro*, Ed. Edebé (2005), colección Tucán Rojo. Reflicte os horrores da guerra civil española a través dos ollos dun neno que lembra as súas vivencias na illa de Mallorca, nun campo de prisioneiros republicanos e nun fogar destruído.

Películas recomendadas

- *Danton*, de Andrzej Wajda. Francia-Polonia (1982).
 - *A few good men (Algúns homes bos)*, de Bob Reiner. EEUU, 1993.
 - *La estrategia del caracol*, de Sergio Cabrera. Colombia-Italia, 1993.
 - *Pay it forward (Cadea de favores)*, de Mimi Leder. EEUU, 2000.
- Sobre os dereitos humanos:
- *La espalda del mundo*, de Javier Corcuera (2000). Son tres historias: a dun neno peruano que traballa nunha mina, a dunha muller kurda co home exiliado por motivos políticos e a dun preso Estadounidense no corredor da morte.
 - *Las fosas del silencio*, Montse Armengou e Richard Belis, (2003). Historia sobre a represión franquista.

1.6 Avaliación

- A avaliación dos aspectos procedementais realizarase a través da observación e da valoración do traballo proposto na secuencia de actividades.
- A valoración da participación nas actividades de grupo e nos debates propostos polo profesorado farase a través da observación.
- A avaliación dos contidos conceptuais faraa o profesor ou a profesora mediante os cuestionarios que crea oportunos, á parte dos que aparecen nesta unidade.

2. Desenvolvemento

2.1 O Estado

Dende o Neolítico, os seres humanos organizáronse en grupos formando tribos ou clans familiares. Á medida que foran crescendo, traspasaron os límites das aldeas neolíticas e uníronse creando grupos e organizacións máis complexas.

O Estado é a unidade política e administrativa superior que rexe un territorio e que somete os seus habitantes á súa autoridade. É un conxunto de institucións que organiza determinados aspectos da vida das persoas dentro dun territorio e que están gobernadas polas mesmas leis e baixo un mesmo poder.

2.1.1 Características que definen un Estado

- Os estados xeralmente son plurinacionais e pluriculturais; é dicir, nos estados adoitan convivir persoas de diferentes culturas e nacionalidades.
- Os territorios dos estados están delimitados por fronteiras que os diferencian dos demais estados. Estas fronteiras poden ser terrestres, marítimas, aéreas e do subsolo. As fronteiras establécense por motivos históricos ou políticos e poden basearse en elementos naturais (cordilleiras) ou xeográficos (paralelos ou meridianos).
- Toda a poboación que vive no territorio que forma un Estado está gobernada polas mesmas leis: ten os mesmos dereitos e as mesmas obrigas.
- Existe unha organización política común e o poder está repartido dentro do Estado.
- Posúe unha serie de símbolos identificativos: unha bandeira, unha capital, un himno, unha moeda, etc.
- Goza de recoñecemento internacional e, xa que logo, ten representación nos organismos internacionais e mantén relacións diplomáticas con outros estados.

Practicamente todos os territorios do planeta están actualmente baixo a administración dun Estado, incluídos as zonas polares e os desertos. Ás veces as fronteiras entre estados son obxecto de litixios que poden levar a guerras entre eles.

2.1.2 As funcións do Estado

- O Estado establece as leis que rexen os seus cidadáns. Nos estados democráticos esa función realízana os parlamentos.
- Fai cumprir esas leis a través do poder xudicial.
- Mantén a orde interior (a través da policía). Pero ás veces isto non acontece e nalgúns territorios aparecen exércitos particulares ou guerrillas, e a poboación atópase desprotexida. Outras veces, os propios estados vulneran os dereitos da súa cidadanía e oprímea.
- Mantén a seguridade exterior (a través do exército).

- Relaciónase con outros estados, para o que desenvolve unha política exterior. Os estados relaciónanse para acordar as transaccións económicas, os intercambios comerciais, o tránsito de persoas, a modificación de fronteiras, etc. Estes aspectos soluciónanse xeralmente de xeito pacífica, pero ás veces poden xurdir conflitos que desembocan en guerras.
- Dirixe a política económica que desenvolve o país, mediante leis que regulan a actividade empresarial e o mercado laboral.
- Xestiona os servizos e os equipamentos colectivos. O Estado proporciónalle certos servizos á poboación, como a educación, a sanidade, a creación e o mantemento de infraestruturas, etc.
- O Estado encárgase de recadar impostos que se utilizan para pagar estes servizos aos cidadáns: as infraestruturas, as axudas aos territorios que o integran, e as axudas aos cidadáns (prestacións da seguridade social: subsidio de paro, pensións, asistencia médica, etc).

Existen grandes diferenzas entre os servizos prestados entre un Estado e outros.

- Hai estados que lle ofrecen moitos servizos á súa cidadanía, como a sanidade e a educación gratuítas, ou salarios aos parados, aos enfermos e aos pensionistas. Como contrapartida, esixen impostos moi altos á súa poboación (caso dos estados europeos).
- Outros ofrecen menos servizos públicos, e esixen menos impostos á súa cidadanía (caso dos EEUU).
- Os máis pobres non poden ofertar servizos, ou case ningún, e a grande maioría de poboación carece de protección social.

2.1.3 Diferenzas entre Estado e nación

Estado e nación son dous termos que non significan o mesmo. Estado é unha entidade política; nación refírese ao sentimento de pertenza a unha comunidade baseado en razóns históricas, étnicas, lingüísticas ou relixiosas.

O concepto de nación xurdiu con forza a finais do século XVIII durante a Revolución Francesa e consolidouse durante o século XIX en Europa e América, e durante o século XX en Asia, África e Oceanía.

Ás veces unha nación engloba habitantes dun só Estado. Noutros casos, nun mesmo Estado coexisten varias nacionalidades, que se basean na diversidade cultural ou son efecto da inmigración. Tamén pode existir unha nación maior que o Estado.

Existen nacións sen Estado. Os integrantes desa nación son persoas que teñen en común o sentimento de pertencer á mesma comunidade, pero non posúen un territorio nacional (caso dos palestinos ou dos kurdos).

2.1.4 A organización interna do Estado

O Estado organízase territorialmente para cumprir as súas funcións. Todos os estados posúen niveis de administración que van desde o goberno central ata os gobernos locais ou concellos. Cada un destes niveis ten determinadas competencias.

Existen varias formas de organización interna dun Estado:

Xeitos de organización interna do Estado	
Estado unitario centralizado	Ten unha administración central que controla todo o territorio. Poden existir divisións internas en provincias ou departamentos, pero os funcionarios ou gobernos locais que dirixen cada provincia ou departamento dependen da administración central (Por exemplo, o Estado francés).
Estado unitario descentralizado	Existe unha lei suprema, a Constitución, un conxunto de leis comúns para todo o Estado e unha administración central cunhas competencias definidas. Unha parte das competencias transfíreas a outro tipo de divisións administrativas que administran o seu territorio sen interferir nas leis do conxunto do Estado. É o caso de España: a Constitución de 1978 establece un modelo de Estado unitario e descentralizado, cun goberno central e unha división administrativa en dezasete comunidades autónomas e dúas cidades autónomas. Cada unha delas posúe un Estatuto de Autonomía que establece a relación co conxunto de Estado e unha administración autonómica que ten un conxunto de competencias.
Estado federal	Está composto á súa vez por unha serie de estados. Pero todos eles respectan unha mesma lei suprema común, a Constitución. Existe unha administración central que non interfere na administración federal. A administración central ten o máximo poder nalgúns materias (política exterior, defensa, seguridade común, impostos etc). Cada Estado federal ten a súa propia administración, o seu goberno e leis propias nas que a administración central non pode intervir. (É o caso de países como Estados Unidos, Suíza, Alemaña, México e Brasil).



Secuencia de actividades

- S1. Que características o definen un Estado? Son iguais todos os estados? Que diferenzas existen entre eles?

S2. Explique algunhas funcións do Estado. Cumpren os estados de igual xeito as súas funcións?

S3. Que tipo de necesidades sociais se cobren mediante os impostos?

S4. Explique os seguintes conceptos:

■ Estado	
■ Nación	
■ Estado multinacional	

S5. Explique as diferenzas entre Estado unitario centralizado e descentralizado. Que é un Estado federal?

S6. Complete os seguintes conceptos:

- Un Estado é aquel que ten unha administración central que controla todo o seu territorio.
- Un Estado está composto á súa vez por varios estados. O Estado ten unha Administración que se ocupa da política exterior e doutros asuntos como . Á súa vez, cada Estado conta cunha Administración independente.

S7. Explique o debuxo da páxina 9, en que se representa Portugal cunha mazá, os Estados Unidos cunha mandarina e a Confederación Helvética cun acio de uvas. Explique o significado do termo “confederación”.




2.1.5 A Administración do Estado

A Administración do Estado é o conxunto de organismos necesarios para que o Estado poida exercer as súas funcións. As persoas que traballan para o Estado están integradas en corpos ou grupos dedicados a tarefas concretas relacionadas coa xustiza, a sanidade, a seguranza, a economía, o ensino, as obras públicas, etc.

As persoas que traballan para a Administración son os funcionarios de carreira. Accederon ao seu posto despois dun exame ou oposición.

O Goberno ten unha serie de persoas de confianza que desempeñan cargos políticos e que cambian segundo as circunstancias políticas.

As prazas vacantes ocúpanas funcionarios interinos.



Os sistemas políticos

Existen diferentes formas de goberno e estas poden cambiar ao longo do tempo. Estes cambios poden ser progresivos, pacíficos e acordados entre os grupos que integran o Estado ou poden ser violentos, provocados por un golpe de Estado (un grupo que toma o poder pola forza para impor unha forma de goberno) ou por unha Revolución (levantamento popular para cambiar o sistema político).

Democracia		■ A democracia é un sistema político, de organización do Estado en que as decisións colectivas son adoptadas polo pobo, mediante mecanismos de participación directa (referendo) ou indirecta (eleccións) que lle dan lexitimidade aos representantes políticos (congresistas, senadores, concelleiros...). Nun Estado democrático debe existir : — División de poderes. — Prevalece o Estado de dereito: existe unha Constitución, que garante os dereitos fundamentais das persoas, un sistema legal de obrigado cumprimento para todos os cidadáns e as institucións do Estado. — Sufraxio universal (todos os cidadáns e cidadás maiores de idade teñen dereito a participar na elección dos representantes públicos). As eleccións deben ser libres e ter garantido a de limpeza dos resultados.
Ditadura		■ O poder político está nas mans dunha soa persoa ou dun grupo minoritario que goberna segundo os seus intereses. Estas minorías poden ser o exército, un grupo étnico ou racial, a aristocracia económica ou relixiosa, un partido político, etc. Como consecuencia, a gran maioría dos habitantes están excluídos da vida política. ■ Non existe unha división de poderes, polo que os poderes públicos poden cometer abusos sobre a cidadanía e quedar impunes. ■ Non existe un Estado de dereito que garanta as liberdades individuais e colectivas e os dereitos humanos.

Monarquía		Estados monárquicos son aqueles en que o xefe do Estado é un monarca que posúe o seu cargo por dereito de nacemento e que se transmite de país a fillos.
República		Unha república é un Estado en que o xefe de Estado é un presidente elixido polos cidadáns ou por certos grupos que controlan o poder.
Estados laicos		- Nestes estados existe separación entre o Estado e a Igrexa, o que significa que as autoridades eclesiásticas non teñen poder político e que as normas fundamentais do Estado non se basean en ningunha doutrina relixiosa. - Nestes países xeralmente existe liberdade relixiosa e a cidadanía pode profesar ou non unha relixión. Pode ocorrer que calquera crenza estea prohibida ou marxinada da vida pública (como nalgúns estados comunistas). - En certas ocasións os estados laicos establecen acordos con algunhas confesións relixiosas para ofrecerlles certas vantaxes, debido sobre todo á súa forte implantación social.
Estados confesionais		Neste tipo de Estado existe unha relixión oficial do Estado que goza de certos privilexios en todos os ámbitos. Ás veces as outras crenzas relixiosas teñen limitadas as súas prácticas e mesmo poden estar prohibidas.
Estados teocráticos	 Retrato de Calvino	Nos estados teocráticos os libros sagrados convértense na lei e os relixiosos ocupan o goberno ou teñen poder para decidir as políticas gobernamentais. Por exemplo, o actual Estado de Irán ten trazos de teocracia islámica.



As formas de goberno

Formas de goberno		Xeito de relacionárense os poderes executivo e lexislativo
Estados parlamentarios		- Poden ser monarquías ou repúblicas. Neles o poder executivo está repartido entre dúas institucións. - O xefe do Estado, que pode ser un rei ou un presidente da república. En ambos os casos o seu poder está limitado. Son os representantes do seu país ante outros países. - O presidente do goberno, exerce o poder executivo. Para gobernar debe ter a confianza do parlamento, que pode revogar esta confianza a través dunha moción de censura. O presidente do goberno pode disolver o parlamento e convocar eleccións.
Estados presidencialistas		Son repúblicas en que o presidente exerce á vez as funcións de xefe do Estado e presidente do goberno, e é elixido polo electorado, ante o que é responsable. Non pode disolver o parlamento.

Secuencia de actividades

S8. Explique diferenzas entre democracia e ditadura, atendendo a estes aspectos:

- División de poderes. - Liberdades individuais e dereitos humanos. - Elección dos representantes públicos.	
---	--

- S9.** Enumere as diferenzas entre un Estado laico e un confesional. Poña exemplos de cada caso.

- S10.** Que son as teocracias? Procure en internet exemplos de estados teocráticos. Faga un pequeno traballo sobre eles. Por que, ao falar de teocracia nesta unidade, se reproduce un retrato do reformador relixioso Calvino (1509-1564)?

- S11.** Adiviñe e escriba en que tipo de país viven as persoas cuxos estados teñen as características descritas en cada recadro:

Características	Tipo de país
Non existe liberdade e o goberno impón a súa política sen consultarlle á poboación	
O seu goberno e os seus tribunais están formado por membros do clero. A relixión rexe a vida pública e as relacións sociais	
O xefe do Estado é un rei	
Hai unha constitución e a poboación deste país elixe o seu goberno e o seu parlamento cada catro anos	

S12. Busque na sopa de letras catorce países e sitúeos despois no mapa.


C	F	R	A	N	C	I	A	K	C	S
O	M	A	N	S	A	R	L	A	H	R
R	Q	M	Ñ	P	N	A	W	C	I	S
E	X	A	S	R	A	N	R	R	N	A
A	R	Y	M	U	D	A	A	A	A	I
D	W	M	L	M	A	U	I	M	R	L
O	Y	S	A	I	B	I	L	A	S	A
N	O	R	U	E	G	A	A	N	W	R
O	Z	O	P	S	S	Z	T	I	U	T
R	E	I	N	O	U	N	I	D	O	S
T	Ñ	L	R	H	D	I	J	M	N	U
E	L	L	S	X	A	P	O	N	D	A
P	N	M	Q	A	N	E	O	C	O	L
A	R	A	B	I	A	S	A	U	D	I



S13. Agora escriba o nome deses países na táboa seguinte, na cuadrícula que corresponda. Deberá escribir o nome do país en varios recadros.

■ Democracias	Francia
■ Ditaduras	
■ Monarquías	
■ Repúblicas	Francia
■ Estados laicos	Francia
■ Estados confesionais	
■ Estados teocráticos	

S14. Complete o seguinte esquema.



2.2 A democracia

A democracia é un sistema político de organización do Estado en que as decisións colectivas son adoptadas polo pobo mediante mecanismos de participación directa (referendo) ou indirecta (eleccións), que lles dan lexitimidade aos representantes políticos (congresistas, senadores, concelleiros, etc.). A democracia é unha forma de goberno que garante os dereitos humanos e regula a convivencia da cidadanía. Esta forma de convivencia social concibe os cidadáns e as cidadás como persoas libres e iguais ante a lei, cuns dereitos recoñecidos e uns deberes que cumprir.

Un pouco de historia



A palabra democracia provén do grego *demos* que significa “pobo” e *kratos* (“goberno” ou “poder”). A democracia xurdiu en Grecia no século V a.C, concretamente na polis de Atenas. Os seus cidadáns, despois dun período de goberno oligárquico e tiránico, decidiron gobernarse con liberdade e por si mesmos. Sabían que para se gobernaren terían que someterse ás leis, polo que decidiron que todos os cidadáns debían participar na súa elaboración, e reunirse en asemblea para decidir os asuntos públicos.

Pero esta democracia era moi imperfecta, xa que os cidadáns que rexían a cidade só eran un dez por cento da poboación (eran os homes fillos de pai e nai ateniense). Quedaba excluído o resto da poboación (mulleres, escravos e estranxeiros, chamados metecos).

A democracia en Atenas durou moi pouco tempo. Porén, foi un experimento político excepcional que non tivo continuidade ata finais do século XVIII e principios do XIX, e que se espallaría durante os século XX e XXI.

Durante a Idade Moderna en Europa, o sistema feudal medieval foi substituído polas monarquías absolutas, en que o rei tiña todo o poder e que estaba por riba das leis; os súbditos eran o resto da poboación, sometidos todos á arbitrariedades do seu poder.

A Revolución Inglesa de 1689, a Declaración de Independencia dos Estados Unidos de América en 1776, e a Revolución Francesa en 1789, coa proclamación dos *Dereitos do Home e do Cidadán*, foron os fitos que marcaron o inicio do proceso de asentamento da democracia e do liberalismo. Nun primeiro momento, estes sistemas tiñan moitas limitacións. Por exemplo, no referente ao dereito ao voto, nin as mulleres, nin os pobres, nin os criados tiñan dereito a el. O sufraxio era restrinxido, censatario, só os máis ricos podían votar (eles denominaban a isto “soberanía da intelixencia”).

Nos Estados Unidos, a modo de exemplo, malia que a constitución establecía que todos os homes eran iguais, independentemente da súa raza, os negros foron discriminados e as mulleres non podían votar. Tanto as mulleres como as persoas de raza negra tiveron que andar un longo e tortuoso camiño para conseguir a esperada igualdade.

2.2.1 As ideas clave da democracia

A soberanía

Nos estados democráticos a soberanía (exercicio do poder) reside no pobo, porque os seus cidadáns elixen os seus gobernantes e posúen unha serie de vías para participar na política.

O sufraxio

Nunha democracia, as opinións de todas as persoas contan igual. Por iso se usa un procedemento para expresar a vontade popular: o voto de todos os cidadáns e de todas as cidadás, o que se coñece como sufraxio universal.

Nun primeiro momento estableceuse o sufraxio restrinxido ou censatario, e exclusivamente masculino (só votaban os homes con certo nivel de riqueza). Despois foise implantando o sufraxio universal masculino (só votaban os homes). Finalmente, o sufraxio universal de homes e mulleres abriuse camiño despois dunha longa loita das mulleres por alcanzar o seu dereito ao voto (as sufraxistas); dúas das sufraxistas máis coñecidas foron Emmeline Pankhurst e a española Clara Campoamor.

- **Eleccións democráticas.** Deben ser:
 - *Libres*: calquera cidadán e cidadá pode presentara súa candidatura ás eleccións.
 - *Plurais*: os electores poden votar entre diferentes opcións.
 - *Por sufraxio universal*: todas as persoas maiores de idade poden votar sen ningún tipo de discriminación.
 - *Periódicas*: as eleccións repítense cada certo tempo (establecido pola lei).

A constitución

Nunha democracia todas as persoas, nomeadamente as que teñen o poder, deben respectar a constitución. A constitución é un conxunto de leis básicas que rexen un país, aprobadas por votación. Estas leis indican a forma de goberno, os dereitos e os deberes da cidadanía e o funcionamento xeral do Estado.

Maiorías e minorías

A soberanía popular maniféstase mediante o voto e a decisión maioritaria adóptase como vontade xeral, como criterio para tomar decisións que afectan a todas as persoas. Aceptar este feito é básico na democracia. Podemos estar en desacordo coa decisión da maioría pero debemos aceptar que é lexítima e respectala. Pero, que pasa coas minorías? Débense respectar os intereses xerais das minorías para evitar o que se denomina a ditadura das maiorías.

A tolerancia

A democracia implica un compromiso coa tolerancia. A tolerancia non só supón convivir con quen non esteamos de acordo, senón que debemos aceptalo e valoralo como persoa. O verdadeiro demócrata acepta e tolera a quen defenda outras ideas e outros intereses. Os gobernantes, pola súa parte, teñen a obriga de ter en conta as minorías.

Ata que punto se debe ser tolerante cos intolerantes? A democracia debe aceptar a existencia de grupos que defenden ideas pouco tolerantes, e mesmo debe darlles facilidades para poderen defendelas, sempre que non atenten contra os principios da democracia.

A lei de partidos políticos en España obriga a condenar expresamente a violencia como medio de expresión das ideas políticas. Se a condena non se fai, o partido non pode inscribirse legalmente.

Representación e participación

Un dos erros en que caemos os cidadáns das democracias representativas é crermos que, coa elección dos nosos representantes políticos, finaliza a nosa responsabilidade.

O voto é un dos xeitos de participar na vida pública, quizá o máis importante, mais non o único. A idea xeral é que o noso papel é votar, e que lles corresponde aos políticos resolver os problemas. Pero facernos responsables da marcha da sociedade, como cidadáns activos, implica tamén contribuírmos a impulsala e a melloralala. Podemos mover e mellorar entre todos a sociedade de moitas maneiras; por exemplo, participando nas asociacións veciñais ou xuvenís, colaborando con organizacións non gobernamentais, etc. A nosa participación na construción da sociedade é un xeito efectivo de crear democracia.

A liberdade e a igualdade

A liberdade e a igualdade son dous piares dunha sociedade democrática. A verdadeira democracia fundaméntase no respecto polas persoas. Respetar as opinións e os intereses de todos significa loitar pola liberdade de expresión, de opinión, de conciencia e de crenzas.


Igualmente, nunha democracia todos somos iguais: gozamos dos mesmos dereitos e temos acceso aos bens necesarios para unha vida digna. Todas as persoas debemos ser tratadas en igualdade de condicións na xustiza, na educación, na asistencia médica, etc.; debemos ter as mesmas oportunidades sen que se teña en conta a nosa raza, a orixe, o sexo, a situación económica, as crenzas... Isto significa realmente respectar os dereitos humanos.

Os partidos políticos

Un sistema democrático baséase no pluralismo político. Os partidos políticos presentan os seus programas e as súas candidaturas ás eleccións; son as canles a través das que a cidadanía participa na vida política.

Os partidos presentan os seus programas, onde recollen os obxectivos que se propoñen alcanzar se acceden ao poder, así como as persoas que concorren ás eleccións como candidatas. Serán os cidadáns e as cidadás, co seu voto, quen elixa entre as opcións políticas que se presentan ás eleccións. Segundo os votos obtidos, cada partido político terá un número determinado de representantes, que defenderán os puntos de vista do seu partido na cámara correspondente.

O barón de Montesquieu (1689-1755) na súa obra *O Espírito das leis* foi un grande defensor da separación ou división de poderes




A división de poderes

En todo Estado existen tres poderes: o lexislativo, cuxa función é discutir e aprobar as leis; o executivo, cuxa función é aplicar esas leis e dirixir a política xeral; e o poder xudicial, que se encarga de ditar sentenza cando se infrinxan as leis.

En todo sistema democrático existe división de poderes, para que ningunha institución ou persoa os acapare:

- *Parlamento*: ten a función lexislativa.
- *Goberno*: ten función executiva.
- *Tribunais*: desempeñan a función xudicial.



2.2.2 As institucións democráticas

O sistema democrático fundaméntase nas liberdades e nos dereitos individuais. As súas institucións non deben ter outro obxecto que garantir e satisfacer as liberdades e os dereitos da cidadanía. Podemos distinguir dous tipos de democracia:

- *Democracia directa*: a cidadanía toma as decisións reunidos en asemblea ou mediante referendo (consulta popular).
- *Democracia representativa*: os cidadáns e as cidadás escollen nas eleccións as persoas que deben gobernar no seu nome durante un tempo establecido pola lei. Estas persoas formarán parte do parlamento.

Principais características dun sistema democrático		
▪ Unha constitución: que limita os poderes e controla o funcionamento do goberno.	▪ División de poderes: executivo (goberno), lexislativo (parlamento) e xudicial(xuíces, fiscais e maxistrados)	▪ Dereito a votar e ser votado nas eleccións para unha ampla maioría da poboación (sufraxio universal)
▪ Dereito á propiedade.	▪ Pluripartidismo.	▪ Liberdade de expresión.
▪ Liberdade de prensa: e acceso ás fontes de información alternativa ás propias do goberno.	▪ Liberdade de asociación.	▪ Cidadanía educada e informada dos seus dereitos e deberes.

2.2.3 Diferenzas entre os estados democráticos e os non democráticos

Democráticos	Non democráticos ou autoritarios
▪ A soberanía (o exercicio do poder) reside no pobo porque os seus cidadáns elixen os seus gobernantes ▪ O voto de todos os cidadáns e cidadás serve para expresar a vontade xeral. ▪ Quen teña o poder debe respectar a constitución. ▪ Un sistema democrático ten pluralismo político. ▪ As eleccións democráticas deben ser: libres, plurais, por sufraxio universal e periódicas. ▪ División de poderes: en todo sistema democrático existe división de poderes para que ningunha institución ou persoa os acapare. ▪ Os estados democráticos respectan e defenden os dereitos e as opinións das minorías. ▪ A preeminencia e o respecto das leis constitúen un auténtico Estado de dereito.	▪ O poder do Estado e a actuación do goberno non teñen límites nin control; á cidadanía non se lle recoñecen dereitos. ▪ A soberanía reside nunha soa persoa ou nun grupo reducido de persoas. A cidadanía non pode participar no goberno. ▪ Non existe pluralismo político nin ideolóxico. Ás veces só se permite a existencia dun partido único que sustenta o goberno; noutras ocasións, o pluralismo político está limitado polas leis. ▪ Non hai eleccións libres. ▪ Non se respecta a división de poderes. ▪ Control da política económica. ▪ Non existe un Estado de dereito que garanta as liberdades individuais e colectivas e os dereitos humanos. ▪ Represión indiscriminada á disidencia política

Secuencia de actividades

S15. Comente o seguinte texto, tomado da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, 1948. Que tipo de sistema político reflicten?

Artigo 21.

- 1. Todas as persoas teñen dereito a participar no goberno do seu país, directamente ou por medio de representantes libremente escollidos.
- 2. Todas as persoas teñen dereito de acceder, en condicións de igualdade, ás funcións públicas do seu país.
- 3. A vontade do pobo é o fundamento da autoridade do Estado. Esta vontade exprésase por medio de eleccións auténticas, que se celebrarán periodicamente.

S16. Defina os seguintes conceptos:

▪ Democracia	
▪ Tiranía	
▪ Sufraxio universal	
▪ Sufraxio universal masculino	
▪ Sufraxio censatario	
▪ Poder executivo	
▪ Poder lexislativo	
▪ Poder xudicial	
▪ Ditadura	
▪ Estado liberal	
▪ Estado social	

S17. Complete as seguintes frases:

- O réxime político baseado no poder nunha soa persoa chámase [] ou [].
- Un réxime político baseado no poder dos cidadás chámase [].
- Nunha democracia os gobernantes son [] polo pobo.
- Nunha democracia o Goberno está controlado por [].
- Os representantes do pobo nunha democracia son escollidos [] entre candidatos en [].

S18. Que é a división de poderes?

S19. Complete este texto:

- Nos estados democráticos a soberanía reside [] porque [].
- O poder divídese [].
- As funcións do Poder executivo son [], e correspóndenlle a [].
- O poder legislativo exerceo o [] e ten as seguintes funcións [].
- O Poder xudicial ten como función [] e exérceno os [].

S20. Que é unha constitución?

S21. Complete o seguinte texto:

- O poder político nun sistema democrático debe respectar a _____, que é a lei suprema que rexe un Estado.
- As leis que recolle a constitución dun Estado deben ser aprobadas por _____.
- A constitución consta dunha parte _____ e outra _____; nela descríbese o funcionamento xeral do _____, a forma de _____ e os dereitos e as obrigas da _____.
- O poder _____ castiga o que non cumpre as leis.
- O poder _____ leva a cabo a acción de goberno.
- O poder _____ controla o poder executivo.
- O poder v elixe o Presidente do goberno.

S22. Complete o seguinte cadro sobre as características dos estados democráticos e dos estados non democráticos.

	Estados democráticos	Estados non democráticos
■ Límites do poder		
■ Soberanía		
■ Dereitos da cidadanía		
■ División de poderes		
■ Pluralismo político e ideolóxico		
■ Renovación do poder		
■ Liberdades individuais, colectivas e sociais		

S23. Relacione con liñas os conceptos das tres columnas:

Ditadura

Rei
constitucional

Cargo
electo

Monarquía
absoluta

Rei
absoluto

Cargo
hereditario

República
parlamentaria

Ditador

Imponse
pola forza

Monarquía
parlamentaria

Presidente
da República

Actúa en
nome de Deus

S24. Procure información sobre a data en que se implantou o sufraxio feminino en España e sobre a vida e a obra de Emmeline Pankhurst, Clara Campoamor e Victoria Kent.

S25. Explique que requisitos deben ter as eleccións para que se poidan considerar democráticas.

2.2.4 Os estados liberais e os estados sociais

Dependendo de como interveñen na economía, os estados poden ser:

Estados liberais	Estados sociais	Estados totalitarios
Neste modelo o Estado procura non intervir na economía do país nin nas relacións sociais. Considera que a economía debe funcionar polas súas propias regras. Cre que a oferta e a demanda regularán os prezos e as condicións laborais, o que creará riqueza e traballo para todos.	Defenden a necesidade de intervir nalgúns aspectos económicos e sociais dos países: crean e regulan o sistema de pensións, os subsidios de paro, salarios mínimos, sistema de contratación, ensino obrigatorio, sistema de seguridade social, etc. A finalidade é conseguir a maior igualdade posible entre a cidadanía.	Controlan a economía e a sociedade de acordo coa súa ideoloxía e mesmo a vida privada da cidadanía, impondo ideas relixiosas, valores, etc., a través da propaganda e do control dos medios de comunicación.

2.2.5 Un xeito de participación democrática: a electoral

As actuais democracias son representativas. Esa representatividade establécese a través das eleccións. Os votos dos cidadáns transforman os candidatos en representantes políticos, responsables da elaboración das leis e da toma de decisións que afectan a todos.

Elementos fundamentais das eleccións democráticas	
■ Circunscricións ou distritos electorais	O conxunto de electores agrúpase dentro dun territorio (en España a base das circunscricións electorais son as provincias). A cada distrito correspóndelle un número de escanos ou representantes.
■ Candidaturas	Listas de candidatos que cada partido presenta ás eleccións. Estas poden ser abertas (o elector elixe o seu candidato dunha lista aberta) ou pechadas (vótase a lista completa dos candidatos na orde en que están: esta é a opción aplicada en España)
■ A fórmula electoral	É a fórmula que traduce o total de votos emitidos en escanos ou representantes. Segundo a fórmula utilizada dá lugar a representacións maioritarias ou proporcionais. ■ <i>A fórmula maioritaria</i>: os escanos dun determinado distrito adxudícanse ao partido que obteña máis votos e os restantes quedarán sen representación nesa circunscrición. ■ <i>A fórmula proporcional</i>: os escanos distribúense en proporción ao número de votos que obteña cada partido dunha circunscrición, podendo así repartir os escanos dun distrito entre varios partidos. Para facer a repartición utilízanse varias fórmulas matemáticas (por exemplo, en España utilízase a chamada fórmula D'Hont). A lei d'Hont úsase para evitar a excesiva fragmentación política nas cámaras que facía inviable chegar a acordos, e evitar a atomización ideolóxica. Este sistema elimina os grupos moi minoritarios, xa que se esixe un mínimo de votos para poder obter representación. Pero o problema é que prima demasiado as maiorías, favorece os grandes partidos e frea o ascenso de novas ideoloxías.

En xeral as fórmulas maioritarias tenden a crear gobernos estables e levan ao bipartidismo (a concentración de votos en dous grandes partidos), pero a representación das opcións cidadás é menos real.

As fórmulas proporcionais favorecen a representación pluripartidista (o voto repártese entre moitos partidos). Trátase dunha representatividade máis próxima á realidade política dos cidadáns pero propicia máis inestabilidade política, e gobernos de coalición, xa que é máis difícil alcanzar maiorías absolutas.

2.2.6 A responsabilidade cidadá: os impostos e os servizos públicos

Os impostos

Son contribucións económicas que as persoas facemos ao Estado e ás institucións co fin de organizar a vida social, contribuír a soste os servizos públicos do Estado e responder ás necesidades de todos os membros da sociedade.

A través dos impostos distribúense os recursos e os bens entre a cidadanía, para garantir a igualdade de oportunidades e a protección dos membros máis débiles da sociedade.

■ Tipos de impostos.

- *Directos*: gravan os ingresos e as propiedades das persoas. Establécense sobre unha base de porcentaxes progresivas sobre o nivel de renda de cada individuo. O imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) é un imposto persoal e directo sobre a renda obtida polas persoas residentes en España nun ano. A renda pode proceder dos rendementos de traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, dos rendementos das actividades económicas, e das ganancias e perdas patrimoniais. O imposto de sociedades (IS) é o que recae sobre os beneficios que xeran as empresas.
- *Indirectos*: o imposto sobre o valor engadido (IVE) é un imposto indirecto que afecta a quen adquire ou reciba un ben ou un servizo. Tamén existen outros impostos indirectos sobre o consumo de determinados produtos, como son a gasolina, o alcohol, o tabaco, etc.

En España a principal encargada de recadar os impostos é a Axencia Tributaria, que depende do Ministerio de Economía e Facenda, aínda que parte desa recadación é xestionada polas comunidades autónomas. Os concellos e as comunidades autónomas tamén teñen e xestionan impostos propios.

En que se gastan os nosos impostos?

- Sostener a seguridade social e garantir a atención médica a todos.
- Pagar as pensións aos xubilados e as prestacións por desemprego ás persoas en paro.
- Facilitar a educación gratuíta a todos.
- Construír vivendas sociais e de protección oficial para as persoas sen vivenda ou máis necesitadas.
- Construír e xestionar estradas e ferrocarrís, e mellorar os sistemas de transportes do Estado.
- Construír hospitais, escolas, centros sociais, museos, centros lúdicos, etc.
- Manter as forzas de seguridade do Estado: a policía, a garda civil, o exército, etc.
- Desenvolver políticas de benestar social para os grupos máis desfavorecidos.
- Recollida de lixos, abastecemento de auga potable.
- (...)

- **Orzamentos xerais do Estado.** Os gobernos presentan cada ano os orzamentos xerais do Estado ao parlamento encargado de aprobalos. Nos orzamentos aparecen, separados por capítulos e actividades, a previsión de gastos do Estado para ese ano e, ao mesmo tempo, reflíctense os ingresos necesarios facer fronte a eses gastos.

Todas as persoas de nacionalidade española cun traballo remunerado teñen a obriga de pagar impostos e facer a declaración da renda anual, onde se teñen que declarar os bens persoais, as ganancias recibidas e os impostos pagados no ano. Págase en proporción ao que se gaña. Na declaración da renda pódense desgravar as contribucións ás organizacións humanitarias.

- **Bens de uso común.** Son os camiños, as canles, os ríos, os portos, as pontes, as praias, os parques, etc., así como os edificios públicos, como escolas, universidades, bibliotecas, etc.

Os recursos naturais e os bens de uso común son de libre acceso para todos. Non se pode prohibir o seu uso pero si pode limitarse. O Estado pode intervir para favorecer a súa conservación e o seu mantemento, e para evitar o abuso ou os atentados contra eles.

- **Servizos públicos.** Son os que lles ofrece o Estado aos cidadáns a través das administracións e que teñen como fin mellorar a vida en comunidade e facer efectivos os dereitos fundamentais desa cidadanía. Algúns dos máis importantes son:
 - A xustiza, que levan a cabo xuíces e maxistrados.
 - A educación pública: o Estado ofrece educación obrigatoria gratuíta a todos os nenos e nenas, constrúe e mantén escolas e institutos, paga e forma o profesorado, etc.
 - A sanidade pública: en España a súa cobertura é universal, e a súa calidade é enveixada en moitos países do mundo.
 - A seguridade pública, a través dos corpos de seguridade como a Policía Nacional, a Garda Civil, as policías autonómicas e locais.
 - A investigación, axudando ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.
 - Os transportes públicos e a rede de estradas e ferrocarrís públicos.

Os nosos deberes como cidadáns e cidadás

- **As responsabilidades cívicas.** A pertenza a unha comunidade política democrática permítenos, como cidadáns e cidadás, desenvolvermos un xeito de vida máis acorde coa nosa dignidade de persoas. Pero iso esixe un compromiso individual coa comunidade, a responsabilidade cara aos demais membros desa comunidade e cara aos bens comúns que compartimos. As responsabilidades cívicas consisten en coidar o ben común.

Exemplos de responsabilidades cidadáns
■ Respetar os dereitos dos demais. ■ Conservar e coidar os bens e servizos comúns, que pertencen a todos. ■ Coidar o medio. ■ Colaborar na creación e no mantemento dos servizos públicos. ■ Realizar un consumo responsable ■ Respetar os dereitos dos demais no espazo público, nomeadamente como condutores.

A diversidade social e cultural é máis patente no espazo público. Para gozar da vida en sociedade cómpre exercer uns dereitos e cumprir as obrigas correspondentes, para que así o espazo público sexa o lugar de encontro dos cidadáns e non de conflito entre eles.

- **Dereitos e deberes de condutores e peóns.** A desobediencia das normas de circulación, a falta de respecto polos demais condutores e o exceso de velocidade son a causa de numerosos accidentes en que cada ano morren e quedan gravemente lesionadas moitas persoas. Grande parte dos accidentes de tráfico débense aos efectos do alcohol. Conducir un vehículo superando os límites permitidos de alcoholemia está penado pola lei en diversos graos, que van desde a retirada de puntos ata o cárcere. Outras causas de accidentes son as relacionadas coa mingua da capacidade do individuo para conducir. Podemos destacar: a fatiga ou o cansazo, o sono, o estado anímico, a alimentación, a temperatura, o uso do teléfono, etc.

A participación cidadá nos estados democráticos

Nos réximes democráticos as persoas poden agruparse segundo as súas opinións, crenzas ou sistemas de valores. Esta é a orixe das asociacións voluntarias de persoas que actúan como intermediarios entre a cidadanía e o Estado.

A cidadanía pode participar activamente no propio centro educativo, nas asociacións veciñais, nas decisións políticas locais, ou nas de carácter autonómico, estatal e europeo.

En Galicia tivemos exemplos claros de participación e de cidadanía activa, como foi o caso do *Prestige* e as mobilizacións que deron lugar ao movemento *Nunca Máis*. Outro exemplo de mobilización cidadá foi o movemento contra a guerra de Iraq.

■ Tipos de asociacións voluntarias.

- Partidos políticos.
- Sindicatos de traballadores.
- Asociacións profesionais (colexios profesionais de avogados, médicos, farmacéuticos, etc).
- Asociacións de base (asociacións de veciños, de barrio, de estudantes, etc).
- As organizacións non gobernamentais (ONG).

- **Os partidos políticos.** Son asociacións voluntarias de persoas, perdurables no tempo, dotadas dos seus programas de goberno da sociedade e que canalizan os intereses dos seus representados mediante a súa concorrencia aos procesos electorais. Cada partido presenta os seus candidatos ás eleccións.

Os partidos políticos son as canles a través das que a cidadanía participa na vida política. Cada partido político ten a súa ideoloxía, que se reflicte nun programa político propio.

As funcións dos partidos políticos son:

- Ser instrumentos de participación política.
- Mobilizar a opinión pública.
- Canalizar as correntes de opinión ou ideoloxía (dereita, centro e esquerda).
- Representar o pobo durante un período determinado entanto que exercen o goberno ou están na oposición. Segundo os votos obtidos, cada partido político ha conseguir un número determinado de parlamentarios, que defenderán os puntos de vista do seu partido no parlamento.
- Os partidos preséntanlle á cidadanía os seus programas, nos que recollen os obxectivos que se propoñen alcanzar se acceden ao poder, así como os candidatos e as candidatas que concorren ás eleccións.

- **Os sindicatos.** Son organizacións de traballadores que se asocian para melloraren as súas condicións laborais e o seu salario.

Funcións dos sindicatos:

- Representar os intereses dos seus afiliados.
- Fixar xunto cos empresarios os salarios e as condicións laborais mediante a negociación colectiva.
- Convocar folga como forma de presión laboral. Manifestación das reivindicacións obreiras.

- **As organizacións non gobernamentais (ONG).** Son entidades de carácter privado e independentes dos estados e dos partidos políticos. Desenvolven un labor humanitario e ecolóxico fundamental, xa que complementan xeralmente o labor e as accións dos estados e dos organismos internacionais. Fórmanas empresas, asociacións ou cidadáns que achegan cartos, recollen fondos e traballan xuntos por unha causa xusta.

Orixe

Ante a situación dalgúns estados nos que os seus gobernos eran incapaces de facer fronte ás necesidades máis elementais das súas poboacións, desde a década de 1970 foron fundándose unha serie de organizacións non gobernamentais (ONG).

As ONG son organizacións privadas, nacionais ou internacionais, constituídas por voluntarios, que non dependen de ningún Estado e perseguen, polo xeral, fins humanitarios. Para lograren os seus obxectivos, financian proxectos propios e mobilizan a conciencia da opinión pública, para obrigar así os gobernos a aplicar políticas que resolvan os graves problemas existentes, nomeadamente nos países do Terceiro Mundo.

As ONG preséntanse como unha vía alternativa que evitan moita da burocracia que tan frecuentemente paraliza a acción dos gobernos. Fináncianse coas contribucións dos seus socios (particulares, empresas ou asociacións).

Desde finais do século XX e os primeiros anos do século XXI a influencia das ONG foi medrando, e aumentaron o seu campo de acción e os seus proxectos.

Tipos de ONG

- As que promoven accións humanitarias (prevención de actuacións ante a fame ou catástrofes naturais): Cruz Vermella, Mans Unidas, Intermón-Oxfam, Médicos sen Fronteiras...
- As que promoven os dereitos humanos: Amnistía Internacional.
- As que traballan para protexer a natureza e o medio natural: Greenpeace, WWF...

O poder de convocatoria e a influencia das ONG está medrando, xa que asumen as funcións que son propias dos estados alí onde os gobernos se desentenden ou non as poden asumir nin cumprir adecuadamente:

- Solucionan problemas de urxencia (acción humanitaria).
- Afrontan o desenvolvemento integral das persoas (saúde, cultura e tecnoloxía).
- Conciencian a cidadanía respecto ás causas que hai que defender.
- Exercen presión sobre os gobernos e empresas.

- **Protección civil, un exemplo de servizo público.** A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias é un organismo encadrado dentro do Ministerio de Interior, que ten como misión a protección física das persoas e dos bens en situación de grave perigo colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, nas que a seguridade e a vida das persoas poden perigar e sucumbir masivamente.

- [<http://www.proteccioncivil.org/>]

Neste servizo colaboran as distintas administracións públicas estatal, autonómica, provincial e municipal:

- Protección Civil de Galicia.
- Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Dirección Xeral de Protección Civil.
- Subdirección Xeral de Protección Civil.

Todas as accións están enmarcadas no PLATERGA (Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia):

— [<http://www.xunta.es/conselle/xi/dxipcproteccion.htm>]

Os estudantes e as estudantes teñen dereitos e deberes

Dentro dun centro educativo, toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais e nais, representantes do concello...) conta con dereitos que se deben exercer e deberes que se deben cumprir para o desenvolvemento harmónico do sistema educativo e para a solución dos conflitos. O alumnado pode ademais intervir de maneira democrática na vida e no goberno do centro educativo, asumindo a tarefa de representar os seus compañeiros, como delegado ou delegada de curso, ou participando como representante nos órganos colectivos de goberno do centro (consello escolar) ou nas asociacións de alumnos e alumnas.

Secuencia de actividades


- S26.** Indique as diferenzas entre Estado social e o liberal. Realicen un pequeno debate na aula sobre as vantaxes e os inconvenientes dun e outro sistema. Poden servir de elementos interesantes para o debate as informacións sobre as intervencións dos estados occidentais na economía durante a gran crise económica que comezou o ano 2008.

- S27.** Semellanzas e diferenzas entre un Estado social e un totalitario.

- S28.** As estruturas democráticas serven para solucionar pacificamente conflitos e para fomentar a convivencia. Por esa razón tamén poden servírnos para organizar a convivencia do noso centro educativo. Intente, coa axuda do seu profesor ou da súa profesora, concretar como se pode aplicar ao seu centro educativo os elementos e as estruturas democráticas. Entre outras cousas, busque información sobre as datas e o procedemento de eleccións no centro: consello escolar, delegados e delegadas da clase, etc.

S29. Reflexionen entre todos sobre esta cuestión, desenvolvendo un debate na aula: a maioría da clase establece unha data para un exame, pero unha minoría non está de acordo porque ese mesmo día teñen outro exame. Deberían terse en conta os intereses e a opinión desa minoría ou só os da maioría?

S30. Busque información sobre algún exemplo histórico dun réxime autocrático (pode ser monarquía absoluta, ditadura ou Estado totalitario) e sinala as súas características. De seguido, busque outro exemplo contemporáneo e compare as características de ambos. Elabore un pequeno traballo escrito.



S31. Investigue en grupo as características do réxime franquista. Deben investigar aspectos tales como o exercicio do poder, a situación dos dereitos e liberdades, a situación da educación, da muller, a posibilidade de pertencer a un partido político, o dereito a manifestarse, o dereito á folga etc. Elaborar un informe escrito e debater os resultados na clase.



- S32.** Investigue se no seu barrio, na parroquia ou na vila existe algún tipo de asociación de veciños, e realice a seguinte investigación sobre ela.

Nome da asociación	
Tarefas que leva a cabo.	
Ten algún tipo de relacións ou acordos co concello?	
Quen pode formar parte da asociación?	
Onde se reúne?	
Con que periodicidade se reúne?	
Cantas persoas forman parte dela?	
Conta con estatutos?	
Recóllense actas das reunións?	
Quen a dirixe?	
Que método se segue para as eleccións do grupo xestor?	

- S33.** Busque información en internet e noutras fontes de información sobre Irán e a revolución islámica que tivo lugar nese país no século XX. Que tipo de Estado se instaurou en Irán?

	
---	--

- S34.** Todos os cidadáns españois con ingresos superiores aos 22.000 euros anuais teñen a obriga de facer a declaración da renda. Pódense desgravar as contribucións a organizacións humanitarias. Pensa que isto é xusto? Razoe a súa resposta.

- S35.** Hai persoas que pensan que se deben subir os impostos indirectos e baixar o do IRPF, que afecta ao traballo dos cidadáns. Que pensa sobre este punto?

- S36.** Se soben os impostos indirectos, quen sae máis prexudicado, os máis ricos, os menos ricos ou os pobres?

- S37.** Se soben os impostos directos, quen sae máis prexudicado?

- S38.** Pensa que a evasión fiscal e ter o diñeiro en lugares onde non se pagan impostos (paraísos fiscais) é prexudicial para o país e para os cidadáns? Razóeo.

- S39.** Defina o que é unha ONG. Por que xurdiron as ONG?

- S40.** Procure información en Internet sobre algunha ONG e explique en clase as súas características e o seu ámbito de actuación.

- S41.** Complete a seguinte táboa sobre as principais ONG do mundo.

Símbolo	Nome	Actividades

2.3 A democracia na actualidade

Na actualidade moitas nacións non teñen réximes democráticos. Abundan os réximes autocráticos que gobernan de maneira absoluta e que se negan a recoñecer os dereitos fundamentais da súa cidadanía, ou das minorías étnicas ou relixiosas. Aínda agora as mulleres non teñen dereito a voto nalgúns países como Arabia Saudita. En Bután só se permite un voto por familia e en eleccións locais.

A democracia é preferible que outros réximes políticos desde dous puntos de vista: o da xustiza e o da eficacia.

A democracia é máis xusta que unha ditadura, un réxime en que só unha persoa decide. A democracia permite a prosperidade e un goberno máis xusto.

Vantaxes da democracia
▪ A democracia, ao esixir que goberne a maioría, garante unha ampla base ao poder político, que gaña estabilidade. ▪ O poder político é un poder responsable; debe render contas diante dos votantes, que poden volver a votalos ou non, segundo a súa eficacia. ▪ A democracia é un poder lexítimo, xa que gobernan os representantes da maioría. ▪ Facilita o cambio e o progreso das sociedades, protexendo as minorías. ▪ É un réxime estable e flexible. ▪ Protexe os dereitos humanos. ▪ Protexe a pluralidade.

A democracia tamén pode presentar desvantaxes. Neles pode desenvolverse a corrupción, que aínda que menor que en países non democráticos, existe e debe combaterse.

Outra desvantaxe é a súa debilidade ante os que queren destruíla, como ocorre no caso de terrorismo, xa que non pode utilizar procedementos non democráticos para loitar contra os seus inimigos.

2.3.1 Dificultades para a implantación de réximes democráticos en América latina, África e Asia

As dificultades de implantación de réximes democráticos en moitos países de América Latina, África e Asia teñen que ver cunha serie de condicionantes económicos e sociais.

Ao longo do século XX a implantación da democracia en América, Asia e África foi moi difícil e aínda moitos países se achaban sometidos a sistemas ou gobernos que non respectan as liberdades democráticas. As razóns podémolas atopar nunha serie de límites que condicionan ou impiden o desenvolvemento de democracias estables.

Condicionantes económicos:

- Sectores económicos pouco competitivos, dependencia do exterior ou pouca diversificación económica.
- Débedas externas.
- Inflación.
- Baixo desenvolvemento tecnolóxico.
- Fortes déficits públicos.

Condicionantes políticos

- Elevado grao de corrupción, que dificulta a aplicación das leis e o respecto aos dereitos da cidadanía.
- Aparición de movementos revolucionarios, populistas e autoritarios, que provocan unha forte inestabilidade política.
- Rivalidades étnicas e tribais.
- Enfrontamento entre estados por áreas xeográficas de interese económico ou político.
- Existencia de réximes políticos vinculados a un partido único, ditaduras militares ou cunha forte influencia relixiosa.

Condicionantes sociais

- Forte desigualdade social con tendencia á polarización entre unha minoría enriquecida e unha gran maioría que se empobrece progresivamente.
- Desigualdade moi acentuada entre o medio rural e o medio urbano.
- Altos niveis de pobreza: millóns de persoas viven con menos de un dólar ao día.
- Oposicións das oligarquías ás reformas sociais.

2.3.2 Os retos da democracia

As democracias modernas enfróntanse a unha serie de retos:

- Diversidade: multiculturalismo e convivencia pacífica entre as culturas.
- Desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, que contribúa ao benestar social.
- Crise ecolóxica e ameaza do cambio climático.
- Consumo responsable.
- Intensificación das relacións a escala planetaria, globalización das relacións entre individuos, grupos humanos e países.
- Consecuencias da globalización.
- Crecemento económico da desigualdade.
- Papel da pobreza como xerador de conflitos.

2.3.3 As relacións entre estados

Na actualidade existen máis de 200 estados no mundo entre os que se establecen complexas relacións políticas e económicas.

No ámbito político

As relacións internacionais actuais caracterízanse, entre outros, polos seguintes trazos:

- Estados Unidos é na actualidade unha gran potencia económica e militar, pero con menos capacidade para dirixir un espazo económico e político mundial que cada vez é máis complexo. As potencias políticas establecen acordos multilaterais.

- O islamismo político introduciuse no panorama internacional como un fenómeno de grande importancia, nomeadamente en estados como Irán ou Afganistán, e cunha presenza significativa en moitos estados musulmáns.
- O maior protagonismo dunha potencia emerxente, A China, que cada vez ten máis peso económico e militar no mundo, o que xera certas inquedanza e desconfianza.

No ámbito económico

- A nivel económico, os países con máis importancia e cunha economía máis dinámica son Canadá e os Estados Unidos, en Norteamérica; Xapón, en Asia; e os países que constitúen a Unión Europea. Pero na actualidade sofren todos unha profunda recesión económica, que pode converterse nunha grande crise económica mundial.

Podemos dividir o resto dos países nestes tres grandes grupos:

- *Países en desenvolvemento*. Están situados en zonas moi activas economicamente e que ofrecen vantaxes á implantación das empresas estranxeiras, xa que proporcionan man de obra barata, escasa normativa de carácter ambiental e gobernos fortes: A China, India e Corea do Sur. En América latina existe unha situación complexa. Nalgúns países estase asistindo tamén a un proceso de grande crecemento económico e de fortalecemento de réximes democráticos, como é o caso de Brasil e Chile. Noutros casos, os intentos de saír do subdesenvolvemento mestúranse con procesos políticos vistos con desconfianza desde os países occidentais, como é o caso de Venezuela ou Bolivia.
- *Países pobres*, localizados sobre todo na África subsahariana, que sofren unha continua explotación dos seus recursos naturais por parte dos países desenvolvidos. Estes apoian os gobernos corruptos que favorecen os intereses das grandes potencias. A pobreza obriga moitas persoas destes países a emigraren cara a occidente. A este grupo pertencen tamén os *países esquecidos*, que carecen de recursos e están sumidos en inacabables guerras (O Congo, Sudán, Somalia...).

Como se relacionan entre si os estados?

O fenómeno da globalización favoreceu o desenvolvemento das relacións ente estados como recurso para promover o crecemento xeral e solucionar problemas. Con esta finalidade, os estados asinan tratados, convenios e declaracións internacionais de dereitos, e comprométense a actuar no control das armas, no cambio climático, etc. Entre as declaracións internacionais de dereitos máis importantes están a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Declaración de Dereitos dos Nenos, e a da Eliminación da Discriminación da Muller.

Con esa mesma finalidade, os estados crean organismos internacionais, de ámbito rexional e de ámbito mundial. Algunhas organizacións de carácter rexional son a Unión Europea e a Unión Árabe. A organización de ámbito mundial máis importante son as Nacións Unidas (ONU).

Pero no mundo globalizado tamén medra a importancia dos espazos locais ou rexionais, que poden ser nacións sen Estado, como Quebec; rexións moi consolidadas, como as comunidades autónomas españolas; ou cidades globais, como Nova York, Tokío ou Londres.

A Organización das Nacións Unidas (ONU)

A ONU é unha organización universal que propón a cooperación entre todos os países da comunidade internacional. Dela depende unha serie de organismos cunhas competencias específicas e que se ocupan da cooperación en ámbitos moi definidos, como son o económico, o humanitario e o cultural.

A Organización das Nacións Unidas creouse tras finalizar a II Guerra Mundial, en outubro de 1945, para favorecer o diálogo e o benestar internacional, e a solución pacífica dos conflitos, e evitar o recurso á guerra. Actualmente conta con 192 membros, é dicir, a práctica totalidade dos estados do planeta.

■ **Principios fundamentais da ONU**

- Respecto á soberanía e á independencia de todos os países integrantes.
- Defensa dos dereitos humanos.
- Fomento da cooperación pacífica.
- Prohibición do uso da forza nas relacións internacionais.

■ **Obxectivos**

- Mantemento da paz e da seguridade colectiva.
- Fomento do progreso económico e social no mundo.
- Promoción e defensa dos dereitos humanos e respecto do dereito á libre determinación dos pobos.

■ **Principais organismos da ONU**

- *Asemblea Xeral*. É o principal órgano deliberante da ONU, formada polos representantes dos gobernos de todos os estados membros. Cada un ten dereito a un voto.
- *Consello de Seguridade*. Está formado por quince membros, cinco deles permanentes: a China, os Estados Unidos, Francia, o Reino Unido e Rusia. Entre outros privilexios, estes países teñen dereito a veto, co que poden impedirlles aos demais países adoptaren acordos ou resolucións sobre temas concretos. Os outros dez membros son non permanentes e son elixidos pola Asemblea Xeral cada dous anos.
- *Secretaría Xeral*. Asume as funcións administrativas da ONU. É un órgano permanente dirixido por un xefe, ou secretario xeral, nomeado pola Asemblea Xeral para un período de cinco anos.
- *Consello económico e social*.
- *Corte Internacional de Xustiza*.

A ONU conta con organismos dependentes e especializados en campos concretos:

- FAO: ocúpase da agricultura e da alimentación.
- UNESCO: educación e cultura.
- OMS: medicina e saúde.
- OIT: Organización Internacional do Traballo.
- UNICEF: Fondo das Nacións Unidas para a Infancia.
- ACNUR: Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados.
- FMI: Fondo Monetario Internacional.
- BIRD: Banco Internacional de Reconstrución e desenvolvemento.
- GATT: Acordo internacional sobre aranceis alfandegueiros e o comercio.
- ONUDI: Organización das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Industrial.
- OIEA: Axencia Internacional da Enerxía Atómica.
- OACI: Organización da Aviación Civil Internacional.
- UPU: Unión Postal Universal.
- UTI: Unión Internacional de Telecomunicacións.
- OMM: Organización Meteorolóxica Mundial.

■ **A pobreza e os obxectivos de desenvolvemento da ONU**

A ONU plasmou os propósitos da loita contra a pobreza en oito obxectivos de Desenvolvemento do Milenio para o 2015:

- Erradicar a pobreza extrema e a fame.
- Lograr a ensinanza primaria con carácter universal.
- Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller.
- Reducir a mortalidade infantil.
- Mellorar a saúde materna.
- Combater a SIDA, o paludismo e outras doenzas.
- Garantir a sustentabilidade do medio natural.
- Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento.

Secuencia de actividades

S42. Explique os obxectivos básicos da ONU e a súa estrutura.



S43. Entre na páxina web da ONU e busque os seus principais organismos e a función de cada un.



S44. Complete o cadro que ten deseguido sobre os deberes e os dereitos correlativos que ten vostede como cidadán ou cidadá.


Dereitos	Deberes
Teño dereito a vivir nun municipio sen rúidos que me molesten excesivamente.	Teño a obriga de evitar todo ruído innecesario que poida molestar a alguén.
	Teño a obriga de tratar os meus concidadáns con respecto, sen danar a dignidade de ninguén, sexa cal sexa a súa raza, idade ou condición económica.
Teño dereito a poder pasear por un espazo público limpo e en condicións.	
	Teño a obriga de respectar o código de circulación para a miña seguridade e a dos demais.

S45. Que se entende por consumo responsable?

S46. Por que se di que as relacións internacionais actuais tenden ao multilateralismo?

S47. Localice neste mapa con diferentes cores:

- Os países ricos ou desenvolvidos.
- Os países en vías de desenvolvemento, nomeadamente os chamados países de *economía emerxente*.
- Os países moi pobres.



S48. *Traballo en pequenos grupos:* busquen información en internet e noutras fontes sobre un conflito que teña lugar na actualidade nun país dos chamados *esquecidos*. Elaborar un pequeno informe e expoñer os resultados ao resto da clase. Debater eses resultados